

de Relacións Exteriores creará e regulará o rexistro de oficinas autonómicas no exterior ao que accederán, logo de oportuno inventario, aquelas oficinas de titularidade autonómica ou que exerzan calquera tipo de representación exterior baixo mandato dunha autoridade autonómica que foran regulamentariamente creadas.

2. No citado rexistro consignarase o acto xurídico de creación da oficina, a identificación nominativa das persoas físicas que nela desenvolvan actividades, a localización e características das súas instalacións e o orzamento anual do que dispoñan para o seu funcionamento.

3. A creación dunha delegación exterior conforme o previsto neste decreto determinará a integración nesta, logo de consulta ás consellerías da Xunta de Galicia concernidas, de todas as oficinas rexistradas sitas na área xeográfica atribuída ao seu ámbito de acción no prazo máximo de seis meses, contados desde a data de entrada en vigor do decreto de creación. Excepcionalmente, poderán manterse as oficinas sectoriais cando existan razóns técnicas que o xustifiquen pola especialidade do traballo realizado, sempre que así sexa informado pola Secretaría Xeral de Relacións Exteriores e se garanta a súa estreita coordinación coa correspondente delegación exterior.

Segunda.-Creación de oficinas sectoriais.

1. A creación de oficinas sectoriais en estados non cubertos por unha delegación da Xunta de Galicia requirirá a súa autorización previa mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería promotora, logo de informe da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores.

2. A citada creación consignarase de oficio no rexistro regulado na disposición adicional primeira cos efectos previstos nesta.

Disposición transitoria

Única.-En tanto non se regulan os coeficientes por razón de servizo que puidesen corresponderlle ao persoal da Xunta de Galicia por residencia no estranxeiro, aplicaranse supletoriamente os que estean establecidos no ámbito da Administración xeral do Estado.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste decreto.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o titular da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para adoptar, por proposta do titular da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, as medidas necesarias para o desenvolvemento e execución deste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor ao mes seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, trinta de novembro de dos mil seis.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Decreto 225/2006, do 23 de novembro, polo que se modifica o Decreto 244/2003, do 24 de abril, de homologación sanitaria de receitas oficiais para a prestación farmacéutica.

O artigo 16 da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, establece que a prestación farmacéutica comprende os medicamentos e produtos sanitarios, así como o conxunto de actuacións encamiñadas a que os pacientes os reciban de forma axeitada de acordo ás súas necesidades clínicas, nas doses precisas segundo os seus requirimentos individuais, durante o período de tempo axeitado e ao menor custo posible, para eles e para a comunidade.

O Decreto 244/2003, que regula a homologación sanitaria de receitas oficiais para a prestación farmacéutica, non recolle ningunha epígrafe dedicada especificamente á homologación das receitas para aqueles pacientes que padecen algunha enfermidade crónica de tipo cardiovascular, insuficiencia renal, demencia, dor... Moitos deles presentan, ademais, varias destas patoloxías simultáneas, o que leva consigo unha utilización prolongada de fármacos e/ou produtos sanitarios sometidos a unha prescrición continuada.

De acordo co exposto obsérvase a necesidade imperante de atender a este colectivo garantindo a eficacia na súa asistencia, sendo preciso para iso unha actuación coordinada de todos os profesionais sanitarios implicados no coidado do paciente. Así, os procedementos de xestión e control da prestación farmacéutica deben ser mellorados de xeito que dean resposta a situacións e problemáticas coma as descritas anteriormente.

O que se pretende con esta modificación é posibilitar a dispensación renovable para os tratamentos de prescrición continuada, evitándolle ao paciente desprazamentos e molestias, facer efectivo un dereito recoñecido no marco normativo actual de receita médica, e así facilitar o seu acceso á prestación farmacéutica.

Tendo en conta o anterior, ao abeiro do establecido na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada por Lei 11/1988, do 20 de outubro, por proposta da conselleira de Sanidade, de acordo co ditame nº 733/2006 do Consello Consultivo de Galicia e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e tres de novembro de dous mil seis,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Engádesse unha letra d) ao artigo 3 do Decreto 244/2003, do 24 de abril, de homologación sanitaria de receitas oficiais para a prestación farmacéutica, coa seguinte redacción:

«d) Nos supostos de dispensación periódica renovable; entendidos como aqueles en que o paciente precise de prescrición/dispensación de medicamentos ou produtos sanitarios para un período determinado, que non poderá exceder de 3 meses, o facultativo poderá prescribir as receitas que lle sexan necesarias ao paciente para a total cobertura do tratamento neste período, adecuando as datas de prescrición á posoloxía e tamaño do envase».

Artigo 2º

Modifícase o punto 3 do artigo 7 do Decreto 244/2003, do 24 de abril, de homologación sanitaria de receitas oficiais para a prestación farmacéutica, quedando redactado como segue:

«3. A data de homologación será sempre posterior ou igual á data de prescrición. A homologación efectuarase nun prazo máximo de 72 horas desde o momento en que se presente. Non se homologarán receitas co prazo de validez esgotado.

Cando as receitas que integren os supostos de dispensación periódica renovable previstos na letra d) do artigo 3 do presente decreto precisen de homologación, esta realizarase nun só acto e os seus efectos aplicaranse a cada unha das receitas presentadas, sen prexuízo de que o prazo de caducidade establecido no punto 4º deste artigo compute a partir da data de prescrición que conste nestas».

Disposición derradeira

O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e tres de novembro de dous mil seis.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

María José Rubio Vilar
Conselleira de Sanidade

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Decreto 226/2006, do 23 de novembro, polo que se declara a urxente ocupación, para efectos de expropiación forzosa, pola Deputación Provincial da Coruña, dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto de ampliación e mellora do trazado na estrada provincial 1703 de Espírito Santo a Fraís, do punto quilométrico 1,440 ao 2,440.

A Deputación Provincial da Coruña, en sesión celebrada o día vinte e oito de maio de dous mil catro, aprobou o proxecto de ampliación e mellora do trazado na estrada provincial 1703 de Espírito Santo a Fraís, do punto quilométrico 1,440 ao 2,440 e, na sesión do dezasete de setembro de dous mil catro, acordou solicitar da Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa ao abeiro do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

Os bens nos que se concreta a declaración de urxente ocupación están determinados no expediente que se someteu a información pública.

O expediente tivo entrada na Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e contén a xustificación acreditativa da motivación para a declaración de urxente ocupación.

O expediente foi tratado na comisión de secretarios xerais previa á súa elevación ao Consello da Xunta de Galicia.

O expediente contén a documentación a que se refire o artigo primeiro da Orde do 7 de decembro de 1983, sobre declaracións de urxente ocupación, así como a exixida no artigo 3 da Lei 11/1996, do 27 de decembro, de medidas de disciplina orzamentaria.

En consecuencia considérase necesaria a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos precisos para a realización das obras do proxecto técnico sinalado, xa que, segundo sinala a deputación, a actuación é necesaria co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana, debido á existencia, entre outros extremos, de curvas perigosas con pequeno raio, edificacións e vivendas pegadas á estrada, o estado do piso, o largo da calzada, de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, e a intensidade media do tráfico.

A competencia para a declaración da urxente ocupación correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia, segundo o disposto nos artigos 27.2º e 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e logo